



SUBVENCIONS DO PROGRAMA ALUGA.

RESOLUCIÓN do 22 de decembro de 2015 pola que se procede á convocatoria pública da axuda, en réxime de concorrencia non competitiva, ás persoas inquilinas das vivendas arrendadas no marco do programa Aluga, no exercicio 2016.

http://www.neda.psdeg-psoe.org/descargas_publico/axudasaluga.pdf

PRAZO PRESENTACION DE SOLICITUDES: TODO O ANO

FORMA DE PRESENTACION DAS SOLICITUDES:

- Vía electrónica: <https://sede.xunta.es> (Require DNI electrónico, ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia)
- En soporte papel, utilizando o formulario normalizado disponible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

OBJETO DA AXUDA:

O obxecto desta resolución é proceder á convocatoria para o ano 2016, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas para o financiamento parcial da renda do aluguer dos contratos de arrendamento formalizados no marco do programa Aluga, de conformidade co Decreto 84/2010, do 27 de maio, dirixidas ao colectivo de persoas afectadas por execucións hipotecarias, así como ás persoas inquilinas de contratos de arrendamento en vigor de vivendas incorporadas ao citado programa.

BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas integrantes de unidades familiares ou de convivencia afectadas por execucións hipotecarias así como aquelas outras que sexan titulares de contratos de arrendamento en vigor de vivendas incorporadas ao programa Aluga.

CONTÍA DAS AXUDAS:

A contía da axuda ás persoas inquilinas determinarase en función da porcentaxe sobre o prezo anual da renda do aluguer, segundo tramos de ingresos anuais ponderados da unidade familiar ou de convivencia, cun incremento de 10 puntos porcentuais no caso de mulleres vítimas de violencia de xénero, co seguinte límite:

- A parte da renda anual que debe aboar a arrendataria non poderá ser inferior ao 20 % dos ingresos anuais ponderados da unidade familiar ou de convivencia.

As porcentaxes a aplicar sobre o prezo anual da renda para a determinación da contía máxima das subvencións, segundo tramos de ingresos, son as seguintes:

- Unidades familiares ou de convivencia con ingresos anuais ponderados inferiores a unha vez o IPREM: a contía da subvención non poderá ser superior ao 70 % da renda anual do aluguer; ou ao 80 % no caso de mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Unidades familiares ou de convivencia con ingresos anuais ponderados comprendidos entre 1 e menos de 2 veces o IPREM: a contía da subvención non poderá ser superior ao 60 % da renda anual do aluguer; ou ao 70 % no caso de mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Unidades familiares ou de convivencia con ingresos anuais ponderados comprendidos entre 2 e ata 2,5 veces o IPREM: a contía da subvención non poderá ser superior ao 50 % da renda anual do aluguer; ou ao 60 % no caso de mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Unidades familiares ou de convivencia con ingresos anuais ponderados superiores a 2,5 e ata 3,5 veces o IPREM: a contía da subvención non poderá ser superior ao 30 % da renda anual do aluguer; ou ao 40 % no caso de mulleres vítimas de violencia de xénero.



As porcentaxes que se aplicarán sobre o prezo anual da renda para a determinación da contía máxima da subvención neste suposto, segundo os tramos de ingresos, son as seguintes:

- Inferiores a 1 vez o IPREM: 100 % da renda anual do alugamento.
- Entre 1 e menos de 2 veces o IPREM: 70 % da renda anual do alugamento.
- Entre 2 e ata 2,5 veces o IPREM: 60 % da renda anual do alugamento.

